



BREST 08

FERNANDO PIÑEIRO. Presidente da FGCMF.

No pasado verán recibíamos a noticia de que na vila bretona de Brest existía interese en que Galicia fose a convidada de honra na edición do 2008 da Festa das Tradicións Mariñeiras, importante evento que ningún amante da cultura marítima descoñece e que desde o ano 1992 ven contando coa presenza de barcos galegos. A FGCMF, desde a súa fundación, tivo moi presente a necesidade de que o noso patrimonio marítimo estivese dignamente representado nesa magnífica xuntanza.

No ano 2.000 a Federación sumou esforzos, vontades e ilusións para acudir como “convidada de honra” á outra importante cita bretona sobre a cultura do mar: Douarnenez. Pensamos que aquel traballo deu os seus froitos e que este novo convite ten que ver tanto coa riqueza patrimonial de que dispomos como coa capacidade organizativa amosada.

Agora Brest peta á nosa porta e aceptamos gustosos ese repto, que consistirá en tratar de representar acadamente en 3.000 m² e con 20 barcos a variedade dos nosos mares e ecosistemas e a pluralidade de manifestacións culturais e patrimoniais que en séculos de tradición mariñeira e fluvial fomos acumulando.

A representación institucional de Brest 2008 correrá a cargo da Consellería de Cultura, a quen

corresponderá, loxicamente, o maior quión de esforzo orzamentario e loxístico.

A colaboración entre Consellería e Federación para Brest 08 servirá para desenvolver outras accións conxuntas que contribúan a divulgar, nun programa bianual, o noso traballo ó longo destes últimos 15 anos. Para iso contéplase a creación de “NABEIRA 08”, proxecto que comezará en NAU07 (Vigo) e que percorrerá ao longo do 2007 e do 2008 as nosas ribeiras.

